



Proxeccións de fogares. 2022-2037

Resumo de resultados 16/12/2022

Índice

Introdución.....	1
Número de fogares.....	1
Tamaño dos fogares	4
Composición dos fogares.....	7
Anexo.....	8

Introdución

As proxeccións de fogares fan posible anticipar os cambios que se producirán no seu número, tamaño e composición, e repercuten nos estudos derivados que se poidan obter, por exemplo, no ámbito das políticas públicas de planeamento e toma de decisións. O IGE elabora cada dous anos a operación estatística [Proxeccións de fogares](#), que proporciona unha estimación da evolución futura dos fogares galegos, en base ás condicións demográficas observadas no momento actual.

Número de fogares

Segundo os resultados desta operación, vinculada ás Proxeccións de poboación do IGE, Galicia presentaría nos próximos anos unha evolución positiva do número de fogares; así, entre 2022 e 2037 o número de fogares aumentará en 28.119 unidades, o que supón unha variación relativa do 2,6%.

Non obstante, a evolución do número de fogares por provincias non será homoxénea; así, A Coruña e Pontevedra rexistrarán incrementos, mentres que en Lugo e Ourense o número de fogares diminuírá no período 2022-2037. Pontevedra será a provincia que rexistre un maior aumento desta variable, cunha taxa de variación positiva do 5,1%, pasando de ter 364.473 fogares en 2022, a contar con 383.171 en 2037; en Lugo, pola contra, o número de fogares diminuírá en 3.369 unidades, un -2,6%.

Número de fogares. Galicia e provincias

Unidade: fogares, %


Espazo	2022	2037	Taxa de variación
Galicia	1.073.030	1.101.149	2,6
- A Coruña	450.154	464.146	3,1
- Lugo	130.447	127.078	-2,6
- Ourense	127.956	126.753	-0,9
- Pontevedra	364.473	383.171	5,1

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Taxa de variación anual do número de fogares. Galicia e provincias

Unidade: %



Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Das 20 áreas (agrupacións de comarcas) galegas consideradas, incrementábase o número de fogares no período 2022-2037 en 9. As que rexistran os maiores incrementos son Caldas-O Salnés (7,8%), a Área de Pontevedra (6,6%), a Área de Santiago (6,5%), a Área da Coruña (6,3%) e a Área de Ourense (6,1%). O maior decrecemento no número de fogares no período 2022-2037 dáse nas áreas de Lugo oriental, cun descenso do 10,6%, na de Ourense sur, cun decrecemento do



7,4%, e na de Ourense central, cunha diminución do 6,8% en todo o período considerado.

Número de fogares. Áreas xeográficas

Unidade: fogares, %

Espazo	2022	2037	Taxa de variación
A Coruña suroriental	23.502	23.221	-1,2
Ferrol-Eume-Ortegal	77.862	76.254	-2,1
Área da Costa da morte	49.950	48.165	-3,6
A Barbanza-Noia	36.257	37.183	2,6
Área da Coruña	185.980	197.720	6,3
Área de Santiago	76.603	81.602	6,5
Lugo sur	19.653	18.557	-5,6
Lugo oriental	13.863	12.400	-10,6
Lugo central	68.673	68.110	-0,8
A Mariña	28.259	28.011	-0,9
O Carballiño-O Ribeiro	17.706	16.665	-5,9
Ourense central	19.209	17.907	-6,8
Ourense sur	32.581	30.157	-7,4
Área de Ourense	58.460	62.025	6,1
Pontevedra nororiental	25.121	24.931	-0,8
Pontevedra sur	42.442	44.871	5,7
Caldas-O Salnés	53.391	57.543	7,8
O Morrazo	31.115	32.058	3,0
Área de Pontevedra	48.838	52.085	6,6
Área de Vigo	163.566	171.683	5,0

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))


Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Tamaño dos fogares

En canto á evolución dos fogares segundo o seu tamaño, no período 2022-2037 estímase un incremento do número de fogares de maior tamaño (6 ou máis persoas) do 5,9%, e tamén do número de fogares de menor tamaño, os de unha e dúas persoas, que se incrementarían un 7,4% e 8,4% respectivamente; pola contra, diminuiría o número de fogares de 3, de 4 e de 5 persoas, nun 3,9% en total.

Distribución dos fogares segundo seu tamaño. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Proxeccións de fogares (descarga da táboa)

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Distribución dos fogares segundo seu tamaño. Galicia. Ano 2037

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Número de fogares segundo o seu tamaño. Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: fogares

Espazo	Total	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 persoas	6 ou máis persoas
Galicia	1.073.030	239.145	324.998	245.869	177.769	56.827	28.422
- A Coruña	450.154	103.854	135.947	103.139	72.550	23.182	11.482
- Lugo	130.447	30.674	41.352	29.250	18.872	7.032	3.266
- Ourense	127.956	32.425	43.352	28.113	17.269	4.850	1.947
- Pontevedra	364.473	72.192	104.347	85.366	69.078	21.763	11.727

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano



Número de fogares segundo o seu tamaño. Galicia e provincias. Ano 2037

Unidade: fogares

Espazo	Total	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 persoas	6 ou máis persoas
Galicia	1.101.149	256.902	352.295	242.497	163.062	56.297	30.096
- A Coruña	464.146	112.838	147.804	101.697	66.719	23.008	12.080
- Lugo	127.078	30.692	42.252	27.288	16.747	6.718	3.381
- Ourense	126.753	33.329	44.605	26.895	15.567	4.523	1.835
- Pontevedra	383.171	80.043	117.634	86.617	64.029	22.048	12.800

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

O tamaño medio dos fogares galegos experimentará unha redución no período 2022-2037, tanto no conxunto de Galicia como a nivel provincia: o número medio de membros pasará de 2,49 en 2022 a 2,39 en 2037.

Tamaño medio dos fogares. Galicia e provincias

Unidade: persoas

Espazo	2022	2037
Galicia	2,49	2,39
- A Coruña	2,47	2,38
- Lugo	2,46	2,40
- Ourense	2,34	2,29
- Pontevedra	2,57	2,43

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano

Composición dos fogares

Segundo a clasificación utilizada nestas proxeccións, no período 2022-2037 os fogares unipersoais aumentarían un 7,4% e os formados por unha parella sen fillos un 8,4%; as unidades monoparentais aumentarían tamén, neste caso nun 1,2%; a tipoloxía outros fogares aumenta un 1%. Pola contra, no período considerado, diminuirían as parellas con fillos un 3,3%.

Número de fogares segundo a súa estrutura. Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: fogares

Espazo	Total	Unipersoais	Parellas sen fillos	Parellas con fillos	Unidades monoparentais	Outros
Galicia	1.073.030	239.145	234.840	361.906	106.173	130.966
- A Coruña	450.154	103.854	99.449	150.866	42.620	53.365
- Lugo	130.447	30.674	29.486	37.940	13.018	19.329
- Ourense	127.956	32.425	31.775	37.503	12.447	13.806
- Pontevedra	364.473	72.192	74.130	135.597	38.087	44.466

Número de fogares segundo a súa estrutura. Galicia e provincias. Ano 2037

Unidade: fogares

Espazo	Total	Unipersoais	Parellas sen fillos	Parellas con fillos	Unidades monoparentais	Outros
Galicia	1.101.149	256.902	254.513	350.035	107.487	132.212
- A Coruña	464.146	112.838	108.123	145.954	43.237	53.995
- Lugo	127.078	30.692	30.128	35.156	12.576	18.526
- Ourense	126.753	33.329	32.693	35.088	12.173	13.470
- Pontevedra	383.171	80.043	83.570	133.837	39.501	46.221

Fonte: IGE. Proxeccións de fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano



Anexo

Comarcas que compoñen cada área xeográfica considerada:

- **A Coruña suroriental:** comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide
- **Ferrol-Eume-Ortegal:** comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
- **Área da Costa da morte:** comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas
- **A Barbanza-Noia:** comprende as comarcas da Barbanza e Noia
- **Área da Coruña:** comprende as comarcas da Coruña e Betanzos
- **Área de Santiago:** comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago
- **Lugo sur:** comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos
- **Lugo oriental:** comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria
- **Lugo central:** comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá
- **A Mariña:** comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental
- **O Carballiño-O Ribeiro:** comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro
- **Ourense central:** comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras
- **Ourense sur:** comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana
- **Área de Ourense:** comprende a comarca de Ourense
- **Pontevedra nororiental:** comprende as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes
- **Pontevedra sur:** comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado
- **Caldas-O Salnés:** comprende as comarcas de Caldas e O Salnés
- **O Morrazo:** comprende a comarca do Morrazo
- **Área de Pontevedra:** comprende a comarca de Pontevedra
- **Área de Vigo:** comprende a comarca de Vigo

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_prox_fog_2022_2037_gl.pdf



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>